

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 26 de xuño de 2018, do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña, polo que se comunica a aprobación das bases da reestruturación parcelaria da zona de Benza (Trazo-A Coruña).

Ponse en coñecemento dos interesados na reestruturación parcelaria da zona de Benza (Trazo-A Coruña) que, con data do 15 de xuño de 2018, o director xeral de Desenvolvemento Rural aprobou a resolución que se cita a seguir:

«Recibido informe favorable do comité técnico asesor sobre a documentación integrante das bases da reestruturación parcelaria da zona de Benza (Trazo-A Coruña), e á vista do informe do Servizo Provincial de Infraestruturas Agrarias, oída a Xunta Local da zona, ao abeiro do disposto polo artigo 26 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, por este acto apróbanse as bases de reestruturación parcelaria da zona de Benza (Trazo-A Coruña).

O Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural da Coruña disporá a súa notificación e publicación nos termos legalmente establecidos».

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso de alzada, ante a persoa titular da Consellería do Medio Rural, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación persoal o da publicación substitutiva. Os recursos poderanse presentar na Xefatura Territorial da Coruña (Edificio Administrativo Monelos; rúa Vicente Ferrer, nº 2), nas oficinas centrais da consellería, en Santiago de Compostela (San Caetano, s/n) ou en calquera das dependencias a que fai referencia a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, 26 de xuño de 2018

Ana Arizón Fanlo
Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias

CVE-DOG: bfx3r72-sfn2-x6y7-tlk5-8nnu3zebbab4

